



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.com

Febreiro 2012

Novas agresións contra os/as empregados/as públicos/as

Para a CIG-EnsinO son gravísimas as novas medidas, presentadas pola Conselleira de Facenda, o venres día 4 de febreiro, que a Xunta do PP pretende aplicar. Amosamos o noso máis rotundo rexeitamento. Estas novas medidas, ás que lle hai que sumar a redución salarial que estamos sufrindo, implican novos e graves recortes nas condicións laborais e salariais do persoal da administración e sector público galego e un deterioro dos servizos públicos.

Estamos ante novas medidas que teñen como obxectivo liquidar dereitos laborais básicos, empeorar as nosas condicións de traballo, destruír emprego, desmantelar servizos públicos e ampliar a privatización da administración. A Xunta de Galiza pretende, de novo, que sexan as súas traballadoras e traballadores o os servizos públicos os que paguen as consecuencias desta crise sistémica, debida a un sistema especulativo e voraz, á marxe da economía produtiva, que procura o desmantelamento de todo o público, a precarización das condicións de traballo e o incremento das desigualdades sociais. O PP, en lugar de incentivar medidas contrarias ás que nos levaron a esta crise, pretende continuar con políticas ultraliberais que veñen impostas desde instancias económicas e políticas, á marxe de calquera control democrático. Coa desculpa de combater o déficit e a débeda pública, asáñanse co gasto social, cos servizos públicos e coas conquistas laborais, favorecendo descaradamente os intereses do capital



financeiro e especulativo.

Estamos ante medidas moi agresivas e lesivas para todos os traballadores/as públicos/as, eliminando dereitos, algúns deles consolidados desde os anos 60 e 70 do século pasado, como é o complemento das baixas por incapacidade que penaliza as traballadoras e traballadores polo feito de estaren enfermos ou como pode ser a posibilidade de que se lles reduza un terzo a xornada e o salario aos interinos/as

Como lle afectan estes recortes ao profesorado

- Nas baixas por incapacidade temporal de enfermidades comúns, deixase de percibir o salario

completo.

Só están dispostos a garantir a cobertura do 100% a partir do día 21 de baixa laboral. En consecuencia, os tres primeiros días da baixa non se cobrarán e dos seguintes 17 días só se percibirá o 60 % das retribucións.

No ensino, esta medida é gravísima, xa que penaliza estar enfermo. Vailles afectar aos interinos/as e laborais, xa que se lles aplica o réxime xeral da Seguridade Social. Ao profesorado funcionario de carreira aplicáselle o réxime especial de seguridade social, contemplado na **Ley sobre Seguridad Social de los Funcionarios Civiles del Estado** que no seu artigo 21 recolle que a prestación económica na situación de incapacidade temporal consistirá en que

“Durante los primeros tres meses, en

la totalidad de las retribuciones básicas y de las retribuciones complementarias del funcionario en la misma cuantía a las que le correspondería en cada momento en su puesto de trabajo si no se encontrase en esta situación de incapacidad temporal, y con cargo a los mismos conceptos presupuestarios por los que se venían percibiendo dichas retribuciones”.

Este mesmo texto está recollido no artigo 94 do RD 2/2010 polo que se modifica o Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo e, polo tanto, tamén da cobertura aos funcionarios/as en prácticas e aos funcionarios/as nomeados/as a partir de 2011.

En consecuencia, este profesorado líbrase, polo de agora, desta nova agresión, ao non lle poder aplicar este recorte, e continuará cobrando as súas retribucións integras cando estea de baixa laboral, tal como viña percibindo até agora.

- Redución da xornada e retribucións ao persoal interino.

O consello da Xunta poderalles reducir a xornada aos interinos/as coa correspondente redución no seu salario e a súa xornada até un terzo.

O persoal funcionario e laboral fixo poderá reducir voluntariamente un máximo dun terzo a súa xornada laboral.

- Supresión do Fondo de Acción Social.

Unha vez máis, a Xunta rompe de maneira unilateral un acordo sindical. No

mes de decembro, a CIG, conxuntamente coa UGT CCOO e CSIF, asinou coa Xunta o Fondo de Acción Social para o exercicio 2011 e agora a Xunta suspéndeo, agás as axudas por incapacidade.

- Aumentar a xornada para que nunca sexa inferior a 37,5 horas.

Está medida aos docentes non nos afecta, xa que a nosa xornada, ao igual que a da amplísima maioría dos empregados/as públicos/as, xa é de 37.5 horas

- Redución dos días de asuntos propios de 9 a 6.

Reducen os días de asuntos propios, modificando o artigo 3.2 da lei da Función Pública, que establecía 9 días, pola lexislación básica do Estado que só contempla 6. Aos docentes non nos afecta, xa que temos soamente catro días de asuntos propios (dous lectivos e dous non lectivos) Orde do 7 de abril de 2008 pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación na disposición décimo cuarta establece que “Poderase dispoñer de ata catro días ao ano, como máximo, de permiso para asuntos persoais sen xustificación, atendendo sempre ás necesidades do servizo, dos cales dous poderán ser en días lectivos”.

- Aplicar a xubilación forzosa aos 65 anos.

Aplicarase de oficio a xubilación forzosa aos 65 anos e valoraranse anualmente as solicitudes que se presenten para prolongar a vida laboral até os 70 anos. A aceptación ou denegación da solicitude de prolongación da permanencia en situación de activo resolverase de forma motivada, entre as cales está a de “organización derivadas da planificación do emprego público”. Polo tanto, esta medida non está, nin moito menos, pensada para facilitar a incorporación de novo persoal nas administracións, que sería positivo, senón en destruír emprego.

- Suspéndese o Plus dos Altos Cargos.

Queda suspendido temporalmente o plus dos altos cargos, pero non se suprime definitivamente. A CIG levou a cabo múltiples accións e mobilizacións e promoveu unha Iniciativa Lexislativa Popular que foi defendida no Parlamento, despois de que fose asinada por 20 mil galegos e galegas. Malia todo iso e redución dos nosos salarios, en lugar de suprimilo suspéndeno, coa intención de recuperalo no futuro.

TEMOS QUE PARAR ESTAS NOVAS AGRESIÓNS AOS NOSOS DEREITOS. MOBILÍZATE COA CIG

Para máis información, consulta a nosa páxina web.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.com

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.com

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baixominho@cig-ensino.com

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.com

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.com

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.com

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.com

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.com

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.com

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.com

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.com

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.com